

Esta tarde tivo lugar a inauguración oficial da IV edición das “Xornadas de Novela Histórica” de Verín. A presentación das xornadas correu a cargo de Manuel Mandianes, Doutor en antropoloxía, teoloxía, ciencias politicas, científico titular do CSIC e director do Instituto de Estudos Sociais en Barcelona e de Emilia Somoza, concelleira de Educación, Cultura e Festexos.

Tras esta apertura, os asistentes puideron disfrutar coas conferencias de Rosario Raro: “De La huella de una carta a Desaparecida en Siboney: mujeres protagonistas en mis novelas”; e de Eva Mejuto: “Memorias dende o silencio”.

Toda a sesión xornada contou coa maxistral intervención musical de Lourdes Olbés.